

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 15 DE XULLO DE 2024

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2024/00033592N.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Acórdase aprobar as actas das sesións anteriores.

2. EDUCACIÓN. Referencia: 2024/00033476B.

Aprobación dos prazos e o procedemento de admisión nos servizos de comedor e madrugadores na rede de centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Santiago de Compostela para o curso escolar 2024-2025

Acórdase aprobar os prazos e o procedemento de admisión nos servizos de comedor e de madrugadores na rede de centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Santiago de Compostela, para o curso escolar 2024-2025. O prazo de solicitude de inscrición nos Servizos de Comedor e/ou de Madrugadores no curso 2024-2025, tanto para a renovación de praza como para as novas persoas usuarias, dende o 16 de xullo ata o 31 de agosto de 2024 (ambos os dous inclusive).

3. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2024/00023967R.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (TEA) da provincia de A Coruña (ASPANAES) pola contía de 5.000,00 €

Acórdase aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (TEA) da provincia de A Coruña (ASPANAES) pola contía de 5.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800011, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2024 (artigos 31,32 e 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00035096X.

Subsanación do erro material advertido no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 26/06/2024, relativo a “Prórroga e revisión do IPC do contrato de aluguer do local nº 6 da rúa Presidente Salvador Allende 6-8, destinado a oficinas municipais de Atención ao Contribuínte.

Acórdase proceder á subsanación do erro material advertido na proposta da concellaría delegada de economía e facenda, persoal, contratación e modernización da administración local de data 20/06/2024, así como no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 26/06/2024, relativo a “Prórroga e revisión do IPC do contrato de aluguer do local nº 6 da rúa Presidente Salvador Allende 6-8, destinado a oficinas municipais de Atención ao Contribuínte”, no que se refire ao importe mensual, de xeito que:

Onde di:

Para o mes de xullo de 2024 satisfarase a renda actual por importe mensual de 869,31 € mais IVE (1.051,87 €).

Debe dicir:

Para o mes de xullo de 2024 satisfarase a renda actual por importe mensual de 930,84 € mais IVE (1.126,32 €).

5. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00023777E.

Reaxuste das anualidades do contrato de “Subministro en réxime de aluguer (sen opción a compra) de equipos multifunción e provisión de consumibles para todos os servizos administrativos do Concello de Santiago de Compostela adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local do 2 de outubro de 2023 a RICOH ESPAÑA SLU

Acórdase proceder ao reaxuste das anualidades do contrato de “Subministro en réxime de aluguer (sen opción a compra) de equipos multifunción e provisión de consumibles para todos os servizos administrativos do Concello de Santiago de Compostela adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local do 2 de outubro de 2023 a RICOH ESPAÑA SLU, adaptándoas á realidade do contrato do seguinte xeito:

<i>EXERCICIO</i>	<i>MESES</i>	<i>importe</i>
2024	Maio (desde o día 3)	76.823,52 €
2025	12 meses	115.717,43 €
2026	12 meses	115.717,43 €
2027	12 meses	115.717,43 €
2028	Maio (ata o día 2)	38.893,91 €
TOTAL		462.869,72 €

6. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2024/00033271J.

Aprobación de expediente de suplemento de crédito 2024-SUPLE-05, de importe 688.277,87 €, financiado con baixas por anulación, para habilitar o crédito necesario que posibilite a licitación dun contrato de subministro de dous vehículos equipados para o Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento (SEIS).

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de suplemento de crédito co número 2024-SUPLE-05 con base ao contido do informe proposta que forma parte do expediente, por un monto global de SEISCENTOS OITENTA E OITO MIL DOUSCENTOS SETENTE E SETE EUROS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS DE EUROS (688.277,87 €) co obxectivo de habilitar o crédito necesario que posibilite a licitación dun contrato de subministro de dous vehículos equipados para o Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento (SEIS), cun orzamento total previsto de licitación de 1.500.000,00 €.

SEGUNDO.- Na tramitación deste expediente de suplemento de crédito 2024-SUPLE-05 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO.- Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de suplemento de crédito 2024-SUPLE-05 se contra el non se formulase ningunha reclamación, procederase á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, e remitirase copia á Administración

do Estado e da Comunidade Autónoma.

CUARTO.- Igualmente, seranlle aplicables a este expediente de suplemento de crédito 2024-SUPLE-05 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

7. MOCIDADE. Referencia: 2024/00033440K.

Solicitud de orde continuidade do contrato de prestación de servizo e programación de actividades do Centro Xove de Creación Cultural e locais municipais de música para a xuventude de Compostela.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar a orde de continuidade á empresa SERVIPLUSTOTAL, S.L. na prestación do servizo de xestión e programación de actividades do Centro Xove de Creación Cultural e locais municipais de música para a xuventude de Compostela.

Segundo.- Dar conta desta resolución aos Servizos Económicos e de Contratación.

Terceiro.- Notificar este acordó á empresa SERVIPLUSTOTAL, S.L.

8. DEPORTES. Referencia: 2024/00033495F.

Cesión provisional do uso do Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro e do campo de adestramento San Lázaro II a favor da S.D. Compostela durante a tempada 2024/25.

Acórdase autorizar provisionalmente para a tempada 2024/25 (do 17 de xullo de 2024 ao 30 de xuño de 2025) á Sociedade Deportiva Compostela o uso do Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro e campo de adestramento de San Lázaro II, así como, o resto de peticións que se recollen no seu escrito, todas elas condicionadas á aplicación das normas sectorias que sexan de aplicación e aos criterios de uso específicos que se determinen polo Departamento de Deportes, para que poida iniciar a actividade deportiva e de competición do seu equipo de 2ª categoría RFEF, podéndose ampliar excepcionalmente e, previa autorización do Departamento de Deportes, ao equipo xuvenil división de honra, se se dan circunstancias que o xustifiquen.

A cesión definitiva de uso destes recintos para a tempada 2024/25, quedará supeditada á existencia dun posterior acordo no que regule o custo e demais consideracións que procedan en base ao que se determine a nivel municipal no momento da aprobación dunha nova ordenanza en materia deportiva na que se deberá ter en conta o complexo na súa globalidade.

9. DEPORTES. Referencia: 2024/00020373H.

Tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración co Club Victoria de Santiago de Compostela, ano 2024.

Acórdase tomar coñecemento da sinatura, o 12 de xullo de 2024, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o CLUB VICTORIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, ano 2024.

10. DEPORTES. Referencia: 2024/00020383M.

Tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración coa Fundación Educación e Deporte de Santiago, ano 2024.

Acórdase tomar coñecemento da sinatura, o 12 de xullo de 2024, do convenio de

colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a FUNDACIÓN EDUCACIÓN E DEPORTE DE SANTIAGO, ano 2024.

11. DEPORTES. Referencia: 2024/00020367N.

Tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración co CLUB ARTEAL TENIS DE MESA, ano 2024.

Acórdase tomar coñecemento da sinatura, o 12 de xullo de 2024, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o CLUB ARTEAL TENIS DE MESA, ano 2024.

12. DEPORTES. Referencia: 2024/00020378T.

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Federación Gallega de Kárate y D.A, para o ano 2024.

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio coa FEDERACIÓN GALLEGA DE KÁRATE Y D.A.
2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de 5.000 € con cargo á aplicación 070 34100 4890016, aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Santiago, na sesión ordinaria que tivo lugar o 20 de marzo de 2024.

13. LINGUA GALEGA. Referencia: 2024/00021203C.

Subvención nominativa á Asociación Cultural Correlingua. Aprobación do gasto e do convenio

Acórdase:

1. Aprobar un gasto por importe de 4.000 euros con cargo á aplicación 010 33402 4890001 do orzamento municipal destinado á subvención nominativa da actividade Correlingua en Compostela 2024 da Asociación Cultural Correlingua.
2. Aprobar o texto do convenio que rexerá as condicións da subvención nominativa á Asociación Cultural Correlingua para o programa “Correlingua en Compostela 2024”.

14. CENTROS CÍVICOS. Referencia: 2023/00042597M.

Dar conta á XGL da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Deputación da Coruña para a concesión dunha subvención nominativa para o sostemento do CSC do Ensanche

Acórdase tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela, para financiar o sostemento do centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2023, no que se establece:

Primeiro: o obxecto do convenio é para financiar o sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2023.

Segundo: o orzamento do gasto a realizar polo Concello de Santiago ascende a 230.145,18 € en gastos de soldos e salarios do persoal do Centro Sociocultural:

Persoal:

- 3 uxieres.....	66.518,36€
- 2 animadores socioculturais.....	76.074,48€
- 1 auxiliar administrativo.....	30.243,90€
- Seguridade social	57.308,44€
TOTAL.....	230.145,18 €

Terceiro: a Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, cunha achega máxima de 130.000 €, o que representa unha porcentaxe de financiamento do 54,48608%.

Cuarto: os gastos e a correspondente xustificación do gasto referirase exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2023.

Quinto: as actividades que son obxecto de financiamento provincial remataron o 31 de decembro de 2023. Finalizadas as actividades o concello de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental antes do 15 de outubro de 2024

15. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00033529H.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 85/2022CA1.

Resolución: Sentenza do 28.06.2024 aclarada por Auto do 05.07.2024

Procedemento: PA PROCEDEMENTO ABREVIADO 085 /2022

Órgano Xudicial: Xulgado Contencioso-administrativo núm. 1 de Santiago de Compostela

Obxecto: Impugnación de multa coercitiva de 3.000 € por incumprimento orde de demolición obras en inmovible declarado en situación de ruína inminente (decreto 2021/1154, do 10.02.2021).

A resolución é parcialmente favorable aos intereses do Concello.

Non procede recurso.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir á Área de Urbanismo para os efectos da súa execución.

16. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00016762H.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 206/2024 CA1

Sentenza nº 145/2024

PA 206/2024 CA1

Obxecto: liquidación IAE 2023. Contía 9.746,57 euros.

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso de apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir á Sección de xestión tributaria para o seu coñecemento.

17. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00033583A.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 318/2023 CA2.

Resolución: Sentenza 162/2024 do 21.06.2024

Órgano Xudicial: Xulgado Contencioso-administrativo núm. 2 de Santiago de Compostela

Procedemento: PA PROCEDEMENTO ABREVIADO 318 /2023

Obxecto: Desestimación por silencio de reclamación de pago de intereses por pago tardío de facturas, costes de cobro e intereses legais

A sentenza é parcialmente favorable ao Concello.

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitila á Área de réxime interior para os efectos do seu coñecemento e execución.

URXENCIAS

18. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00029098A.

Aprobación do expediente de contratación Servizo de planificación, xestión e dinamización dunha campaña de comunicación e sensibilización acerca de boas prácticas e conductas respectuosas para un turismo sostible na cidade de Santiago de Compostela, cun orzamento base de licitación de 98.446,53 €.

Acórdase:

Primeiro: aprobar o expediente de contratación do Servizo de planificación, xestión e dinamización dunha campaña de comunicación e sensibilización acerca de boas prácticas e conductas respectuosas para un turismo sostible na cidade de Santiago de Compostela, cun orzamento base de licitación de 98.446,53 € (base imponible de 81.360,77 € e IVE do 21% de 17.085,76 €).

Segundo: abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación, de acordo co artigo 159 da LCSP.

Terceiro: autorizar o gasto correspondente por importe de 98.446,53 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 080 43200 6400000 (Código de proxecto: 2020 2 PSTUR 61 1).

19. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00030346D.

Aprobación do expediente de contratación das Obras de execución do proxecto de ampliación da rede de abastecemento na estrada AC-250 no lugar de Frades (parroquia de Enfesta) / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023 2ª fase

Acórdase:

Primeiro: aprobar o expediente de contratación das Obras de execución do proxecto de “Ampliación da rede de abastecemento na estrada AC-250 no lugar de Frades (parroquia de Enfesta)” / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023 2ª fase, cun orzamento base de licitación de 85.460,27 € (base imponible de 70.628,32 € máis IVE do 21% de 14.831,95 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: Autorizar o gasto correspondente por importe de 85.460,27 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 070 16100 6090000 (código de proxecto: 2023 2 PPROV 35 9).

20. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00019400B.

Autorización da cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa CESP Compañía Española de Servizos Públicos Auxiliares, agora denominada VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, SAU., para responder do contrato de “Prestación do servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e arbolado urbano”.

Acórdase autorizar a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa CESP Compañía Española de Servizos Públicos Auxiliares, agora denominada VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, SAU., por importe de 547.390,08 euros (Avalista: BANCO COOPERATIVO ESPAÑOL SA, para

responder do contrato de “Prestación do servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e arbolado urbano”.

21. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00029942P.

Prórroga e revisión IPC contrato de aluguer do local e o anexo ó baixo obxecto do contrato acondicionado no barrio de As Cancelas para utilización como espazo de xuntanza e actividades socioculturais, polo prazo de un ano a contar desde o 16 de xullo de 2024 ata o 15 de xullo de 2025.

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de aluguer do local e o anexo ó baixo obxecto do contrato acondicionado no barrio de As Cancelas para utilización como espazo de xuntanza e actividades socioculturais, polo prazo de un ano a contar desde o 16 de xullo de 2024 ata o 15 de xullo de 2025.

Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 2 de xaneiro de 2003, na súa cláusula cuarta establece que en caso de prórroga incrementarase a renda conforme a variación do Índice Xeral de Prezos ao Consumo, polo que propónse a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (xuño de 2023 ata xuño de 2024), a renda definitiva a partir de 16 de xullo de 2024 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de xuño de 2024. Para o mes de xullo de 2024 satisfarase a renda actual por importe mensual de: 721,75 € mais IVE 21% (151,57 €), total: 873,32 €.

Segundo.- Aprobar e comprometer un gasto por importe de 10.479,84 €, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 060 33403 2020000 CSC.

ARRENDAMENTOS EDIFICIOS E OUTRAS CONSTR., quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercicio.

Anualidade 2024 (16/07/2024 ata 31/12/2024): 4.803,26 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.

Anualidade 2025 (01/01/2025 ata 15/07/2025): 5.676,58 €, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

22. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2024/00010434S.


Validación da omisión da función interventora polo servizo de transporte colectivo urbano e substitución de vehículos a TRALUSA correspondentes aos meses de xaneiro a maio de 2024.

Acórdase:

Primeiro: validar a omisión da función interventora en relación a este expediente pola realización do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros e a substitución de vehículos de dito servizo, correspondente ós meses xaneiro a maio do 2024.

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por un importe de dous millóns cincocentos oito mil seiscentos catro euros con oitenta e cinco céntimos (2.508.604,85€.-) a prol de “Autobuses Urbanos de Lugo y Trap. S.A., UTE Lei 18/1982” (U7003297-4), con imputación orzamentaria á aplicación 060/44110/4790000 do orzamento.

Terceiro: Dada a natureza do servizo público ó que se vinculan as prestacións liquidadas, resulta necesario dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ó interese público e en tanto non se faga efectiva a adxudicación do contrato actualmente na fase de tramitación.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

23. CENTROS CÍVICOS. Referencia: 2023/00042750C.

Tomar coñecemento da sinatura do convenio entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago para a concesión dunha subvención nominativa para cofinanciar o sostemento dos Centros Socioculturais de ámbito rural durante o ano 2023.

Acórdase tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Santiago de Compostela, para financiar o sostemento dos centros socioculturais de ámbito rural durante o ano 2023, no que se establece:

Primeiro: o obxecto do convenio é fixar as bases do outorgamento dunha subvención nominativa para financiar o sostemento dos centros socioculturais de ámbito rural durante o ano 2023.

Segundo: o orzamento do gasto a realizar polo Concello de Santiago ascende a 150.000 € en gastos para o servizo de animación e para o servizo de novas tecnoloxías na rede de centros socioculturais:

Servizos:

- Servizo de animación sociocultural 125.000€
- Servizo de novas tecnoloxías25.0000€

TOTAL.....150.000,00 €

Terceiro: a Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, cunha achega máxima de 90.000 €, o que representa unha porcentaxe de financiamento do 60,00%.

Cuarto: os gastos e a correspondente xustificación do gasto referirase exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2023.

Quinto: as actividades que son obxecto de financiamento provincial remataron o 31 de decembro de 2023. Finalizadas as actividades o concello de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental antes do 15 de outubro de 2024